

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE AGOSTO DE 2021

Ás 10:35 horas do día 5 de agosto de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 2 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2 e 6a)
D^a. Luz González Domínguez, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste aos puntos 5a e 6b)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5b, 6c, 9a, 9b, 10a, 10b, e 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (emenda de documentación)

a) Procedemento aberto e tramitación urxente para a contratación do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade ciclo de bandas de música "ao son das festas de Vigo" con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2021" (8.822-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado neste procedemento, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 29 de xullo de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días ao citado licitador para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou documentación o 31 de xullo, dentro do prazo concedido. Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES



DE VIGO por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento de Alcaldía de data 2 de agosto de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, o técnico medio en Topografía e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas nas datas 27, 28 e 29 de agosto de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto e tramitación urxente para a contratación do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade ciclo de bandas de música "ao son das festas de Vigo" con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2021" (8.822-335)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 2 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo	Incremento do tempo de duración de cada unha das actuacións sobre o mínimo esixido no PPT (45 minutos)
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	59.000,00 €	15 minutos

O licitador non presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Enrique Lorenzo Vila, con DNI **. *01.38*, en representación de FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO

Atendendo aos criterios para a consideración de baixas con valores anormais recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP, compróbase que a única oferta presentada non contén valores anormais, polo que en virtude da cláusula 16.3 do PCAP procede outorgar á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento do tempo de duración de cada unha das actuacións sobre o mínimo esixido no PPT (45 minutos)
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	70 puntos	30 puntos
Total			100 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto e tramitación urxente para a contratación do servizo de actuacións musicais para a execución da actividade ciclo de bandas de música "ao son das festas de Vigo" con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2021" (8.822-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G-36.855.906), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar esixida na



cláusula 8 do PCAP.

2. O anexo IV do PCAP (nomeamento de delegado e acordo de confidencialidade) esixido na cláusula 22 do PCAP).
3. Así mesmo, deberán presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Parte da documentación xa foi presentada no sobre A e outra consta no expediente 8.507-335".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcadía do Concello de Vigo (18.386-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% Redución dos prezos unitarios para cada tipoloxía de evento (A, B, C)			Incremento da experiencia mínima esixida para os técnicos esixidos como medios persoais			
		Eventos tipo A	Eventos tipo B	Eventos tipo C	Coordina dor/a	Técnico/a de son	Técnico/a de iluminación	Técnico/a de vídeo
1	FLUGE GALICIA, S.L.	8%	8%	2%	17	3	3	3
2	SACAFERRO, S.L.	28%	24,5%	0,01%	15	15	15	15

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 4 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	315.870,50 €
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	339.517,41 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	327.942,96 €
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	313.995,00 €
5	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	305.399,23 €
6	NAROM, S.L.	343.715,99 €
7	ORECO, S.A.U.	340.122,61 €
8	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	294.656,94 €

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 30 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo" (702-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 30 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444)



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos o 2 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que amplía o anterior de data 5 de agosto de 2021.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 5 de agosto e acorda excluír deste procedemento a SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SICE) por conter na súa oferta prezos unitarios dos subministros superiores aos prezos unitarios da licitación, os cales teñen a consideración de máximos, tal e como se recolle no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)

Retírase este asunto da orde do día.

e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes-director técnico o 2 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 6 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



	Licitadores	% desconto ofertado
1	API MOVILIDAD, S.A.	24,16
2	TEVA CASTILLA Y LEON, S.L.	22,32
3	SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS LA CASTELLANA, S.A.	18,85
4	TEVASEÑAL, S.A.	18,15
5	IMESAPI S.A.	14,80
6	PROSEÑAL, S.L.U.	14,60
7	BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	1,50

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A. (A-78.015.880), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo” (702-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo” (702-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	NAROM, S.L.	88,17
2	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	87,57



	Licitadores	Puntuación total
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	85,94
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	83,88
5	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	82,21
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	79,70
7	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	72,05

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L. (B-36.163.418), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

c) Procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

1. Sesión do 9 de xullo de 2021: non se admite neste procedemento á UTE NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. - ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
2. Sesión do 5 de agosto de 2021: exclúese a SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SICE) por conter na súa oferta prezos unitarios dos subministros superiores aos prezos unitarios da licitación, os cales teñen a consideración de máximos, tal e como se recolle no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 8 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	IMESAPI, S.A.	98,20
2	UTE TECUNI S.A.U. (60%)- ELEUKON (40%)	91,47
3	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S. A. (50%) - SIELVIGO, S.L. (50%)	86,65
4	EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA)	79,88

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, S.A. (A-28.010.478), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)

Retírase este asunto da orde do día.

e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611) na seguinte orde descendente:



	Licitadores	% desconto prezo de referencia
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,71%

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade” (704-441)

Retírase da orde do día para estudo.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade” (703-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade” (703-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 10 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA BREA-BEADE", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS VINTE E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (226.881,13 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS VINTE E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (226.881,13 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 39.376,06 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.70 ("Human. Camiño da Brea").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	92,04
2	MONTAJES JM IGLESIAS SL	89,56
3	PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A	89,37
4	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,44
5	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS SL	82,13
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	80,43
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	82,49
8	NAROM, S.L.	79,81
9	AVAN INTEGRAL S.L.	78,56
10	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	45,32



Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 19 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 23 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 30 de xuño e 12 de xullo de 2021, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 12 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade" (703-441) por un prezo total de 172.724,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.977,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores" (708-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado "en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Dáse conta aos membros da Mesa das seguintes cuestións en relación con este asunto:

1. Con data do 19 de xullo de 2021 se notificou a MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. a resolución de clasificación deste procedemento e se lle requiriu a presentación da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.
2. O 2 de agosto de 2021, último día do prazo para a presentación para a presentación da documentación requirida, MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. envía correo electrónico ao Servizo de Contratación no que indica *"Comunicarles que he presentado 3 veces la documentación por registro da sede electrónica y no se ha generado el justificante de presentación"*. O mesmo día o licitador realiza unha transferencia na conta do Concello de Vigo en concepto de garantía definitiva e polo importe esixido. Consta xustificante de ingreso no expediente.
3. A solicitude do Servizo de Contratación, o 4 de agosto de 2021, o xefe do Servizo de Administración Electrónica emite informe en relación co correo anterior no que fai constar *"Como consecuencia da actualización do xestor de base de datos principal do Concello ,da versión Informix 11.5 á versión Informix 14.10 ,téñense detectado problemas no anexo de documentación na sede electrónica, debido o diferente comportamento do novo xestor có nome de arquivos que posúan caracteres estendidos, que podían chegar a impedir a finalización correcta do proceso de rexistro. As incidencias antes descritas tiveron lugar os días 2, 3 e 4 de Agosto de 2021"*.
4. O 4 de agosto de 2021 MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. envía un novo correo ao Servizo de Contratación no que expón *"He vuelto a presentar la documentación por"*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 13 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

la sede electrónica del concello y me sigue dando error" e achega a documentación requirida, agás o acordo de confidencialidade.

5. O licitador está inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia onde figuran os datos relativos á personalidade xurídica, poder de representación, non estar incurso de prohibición de contratar, estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como a clasificación suficiente segundo as esixencias do PCAP.
6. O licitador presenta por Rexistro o 5 de agosto de 2021 o anexo IV do PCAP. A doutrina do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales (entre outras, 806/2019, do 11 de xullo Tribunal Administrativo Central de Recursos) vén admitindo a emenda da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores" (708-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DOS CURROS – LAVADORES", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (89.541,56 €) e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 05 de abril de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (89.541,56 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 15.540,27 €.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 14 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.75 ("Human. Rúa dos Curros")

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores" (708-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	MONTAJES JM IGLESIAS SL	90,82
2	NAROM, S.L.	89,99
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	88,88
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS S.L	78,72
5	AVAN INTEGRAL, S.L.	78,54

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES JM IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., o día 19 de xullo de 2021, que presenta parte da documentación o 2 de agosto de 2021, dentro do prazo concedido. O resto da documentación foi presentada o 4 e o 5 de agosto debido a un erro no Rexistro Electrónico segundo informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 4 de agosto.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 30 de xuño e 16 de xullo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B-36.130.649) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Curros - Lavadores" (708-441) por un prezo total de 72.698,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.617,15 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoa" (856-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 16 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñooca" (856-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA E REORDENACIÓN DE ESPAZOS NA PRAZA DA MIÑOCCA", redactado pola Arquitecta Iria Urdampilleta Pérez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 22.04.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 277.685,95 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 17106190060 "Mellora Praza de Miñooca", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	1.600.000 €
------	-------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 17 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñooca" (856-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	96,19
2	UTE SERANCO, S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	95,27
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS SL	92,66
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	91,95
5	PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A	91,20
6	CIVIS GLOBAL SLU	89,70
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	86,13
8	ORECO, SAU	81,12

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 19 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 23 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 18 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 1 e 12 de xullo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoca" (856-441) por un prezo total de 1.231.840 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 213.790,41 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:40, logo dun receso entre as 11:40 e as 13:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:57	Páxina 19 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAB47-C2D92F-3EE5EH-KC9KVL-LDM5Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		